

Materia obrigatoria no novo plan de estudos de medicina

Ricardo Iglesias Losada

Médico de Familia. Centro de Saúde de Vite. Santiago. Profesor Asociado de Ciencias da Saúde. Departamento de Medicina da USC

Cad Aten Primaria
Ano 2010
Volume 17
Páx. 286-287

No ano 2006, comezamos a impartir na facultade de medicina de Santiago unha materia que se chama Medicina Familiar e Atención Primaria. Está encadrada no apartado de libre configuración, consta de 4,5 créditos (3,5 teóricos e 1,5 prácticos) e figura adscrita ao Departamento de Medicina

A evolución do número de alumnos matriculados nos 5 anos que levamos impartindo esta materia experimentou un crecemento importante: - Entre paréntese, número de alumnos matriculados por curso académico - curso 2006/07 (31) , 2007/08 (29), 2008/09 (39), 2009/10 (65), 2010/11(105). No actual curso cubríronse todas as prazas de matrícula. Para buscar unha resposta á valoración deste crecemento, poderíamola extrapolar dos resultados obtidos nas enquisas anónimas contestadas por 147 dos alumnos presentados a exame e aos que se lles preguntaba o seguinte: - Entre paréntese, número de alumnos que contestaron en cada resposta proposta -

1.-Consideras necesaria na túa formación como futuro médico esta materia?

moi necesaria (79) necesaria (66) pouco necesaria (1) nada necesaria (1)

2.-Segundo a túa opinión esta materia debería ser?

troncal (32) obrigatoria (51) optativa (60) libre configuración (4)

3.-En qué curso da licenciatura debería ser impartida?

6º curso (49) 5º curso (22) 4º curso (30) Indiferente 4º,5º ou 6º (46)

4.-Cal é ou teu grao de acordo sobre os contidos do programa impartido?

moi alto (30) alto (109) baixo (8) moi baixo (0)

5.-A estrutura das clases e o material didáctico empregado parecenche?

moi axeitados (39) axeitados (103) pouco axeitados (5) moi pouco axeitados (0)

6.-A capacidade docente do profesorado pareceuche?

moi boa (73) boa (67) aceptable(7) mala (0)

7.-A túa rotación polo Centro de Saúde foi?

moi axeitada (102) axeitada (39) pouco axeitada (4) moi pouco axeitada (2)

8.-Cal é a túa preferencia en formarte como especialista de Medicina de Familia?

moi preferente (22) preferente (67) pouco preferente (48) nada preferente (10)

Esta valoración positiva na que maioritariamente os alumnos consideran a materia necesaria na súa formación e sobre todo a obtida no apartado de contidos, estrutura das clases e capacidade docente do profesorado, supón un recoñecemento ao labor do equipo de médicos de familia que impartimos o programa docente e constitúe un estímulo para continuar nesta senda que afortunadamente xa non ten retorno.

Neste curso académico comezou a impartirse o novo plan de estudos de medicina que esixe a pertenza ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), o chamado Plan Bolonia. A elaboración deste plan de estudos debe axustarse ás directrices normativas comúns para todos os estados membros e ás particulares de cada estado, tamén debe axustarse ás normativas de cada universidade xa que no noso país gozan de autogoberno. Isto supuxo que cada universidade elaborase o seu propio plan de estudos, de tal xeito que a consideración dalgunhas materias en canto a categoría, módulo ao que pertencen e número de créditos que se imparte nas mesmas, sexa distinto en cada facultade de medicina. No caso da nosa Comunidade Autónoma, a Atención Primaria no novo plan de estudos, situouse nun nivel axeitado, impartírase unha materia obrigatoria de Medicina de Familia e Comunitaria no 2º semestre do 5º curso de grao - máster de medicina, figurando adscrita ao Departamento de Medicina, cunha carga docente de 75 horas - 3 créditos do Sistema Europeo de Transferencia y Acumulación de Créditos (ECTS). Ademais desta materia os alumnos teñen que completar a súa formación realizando un mes de rotación obrigatoria nos centros de saúde no 6º curso cunha carga de 150 horas - 6 créditos (ECTS).

Correspondencia

Ricardo Iglesias Losada
Email: Ricardo.Iglesias.Losada@sergas.es

A implantación do plan faise de xeito progresivo, curso académico por ano, a materia Medicina de Familia e Comunitaria, comezará a impartirse no curso académico 2014/15 e a rotación polos centros de saúde no seguinte curso 2015/16. Ata esa data seguiremos impartindo a materia no formato de libre configuración para os alumnos que continúan polo plan precedente. A experiencia docente acumulada durante estes anos, supón que unha parte do camiño está realizado, e neste curso académico iniciaremos algúns cambios para ir adaptando progresivamente os contidos do programa e plan docente aos da nova materia obrigatoria.

Noutro nivel docente sitúase a rotación dos alumnos polos centros de saúde no 6º curso da súa formación. O número de alumnos que se espera roten polos centros é duns 400 cada curso académico. Iso suporá ter que contar cun número de profesionais suficiente para impartir un ensino de calidade, axustado ás esixencias dun programa uniforme, aínda por desenrolar e definir en contidos.

O programa docente na rotación polos centros de saúde, deberá ser uniforme en canto a contidos, forma de impartilo e avaliación dos alumnos, para iso é preciso acreditar aos profesionais mediante cursos de formación previos que contemplan este escenario. Hai que ter en conta que a contorna docente no que se van mover os alumnos é o ámbito asistencial, sobre o que ten competencias o Servizo Galego de Saúde, polo que é preciso que todo o referente a este nivel docente tense que realizar dunha forma consensuada, dentro do marco de colaboración do vixente Concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para o uso das Institucións Sanitarias na Investigación e Docencia Universitarias (D.Ou.G. de 29 de xuño do 2001).

Todo o camiño percorrido ata a data, levouse a cabo baixo un prisma de actuación puramente académico para que a docencia dunha materia de Atención Primaria se situara ao mesmo nivel que as demais materias que forman parte da formación curricular dos estudantes de medicina. Estamos dentro dun plan de estudos oficial aprobado en Xunta de Facultade, Xunta de Goberno e pola Agencia Nacional de Evaluación de Calidad y Acreditación de las Universidades (ANECA). Convén aclarar neste punto que as chamadas Cátedras Institucionais da USC, patrocinadas por Sociedades Científicas, con fondos aportados por Farmaindustria, sitúanse a outro nivel, non forman parte do organigrama docente oficial dun Departamento e non teñen asignada competencia docente sobre as materias oficias dun plan de estudos. Sería convinte que os cursos de formación que ofertan, acreditados polo Sistema Español de Acreditación de la Formación Médica Continuada, fosen recoñecidos dentro do Concerto USC / Servizo Galego de Saúde.

O recoñecemento académico da formación obrigatoria en Atención Primaria no grao - máster de medicina, supón un salto cualitativo importante que nos aproxima á visión dos países da nosa contorna cunha longa traxectoria na formación en medicina. Universidades de Oxford, Southampton, Londres, Rochester, Laval, Manchester... hai tempo que

incorporaron o ensino da Atención Primaria nos programas docentes das súas facultades. Este recoñecemento manifesta a importancia que ten na formación dos futuros médicos a adquisición de coñecementos e habilidades para a valoración global do individuo na súa contorna familiar, socioeconómica, cultural e laboral. Esta visión establece un equilibrio, docente e asistencial, entre unha asistencia centrada na enfermidade e nun modelo biolóxico, e un modelo orientado á comunidade, centrado no paciente e nunha dimensión biopsicosocial que poñan en contacto aos estudantes coa realidade do Sistema Sanitario, onde a Atención Primaria é a porta de entrada e supón unha alta porcentaxe de toda a actividade asistencial. Os alumnos terán desta xeito unha formación integral e unha visión global dos problemas de saúde.

O Consello Nacional de Especialidades recoñece a Medicina Familiar e Comunitaria como unha especialidade con programa específico. Esta situación debe transcorrer en paralelo coa incorporación desta área de coñecemento específica na formación dos estudantes de medicina. A presenza da Atención Primaria no plan de estudos para a obtención dun grao- máster en medicina, supón un importante valor engadido a nosa especialidade, cuxo alcance teremos que valorar nuns anos.

Lembro aquí a seguinte reflexión escrita por min nunha editorial de CADERNOS de Atención Primaria: a implicación en tarefas de docencia, ademais de ser unha opción persoal, debe formar parte do noso traballo habitual, servir de estímulo para a formación continuada e actualización de coñecementos. Necesitamos para iso un cambio de mentalidade e un compromiso no que se impliquen o maior número de profesionais. Este compromiso supón un esforzo persoal e estar suxeito a unha formación e avaliación continuadas que deben ir acompañadas dun recoñecemento profesional e académico por parte das Autoridades Sanitarias e Académicas. Dende estas páxinas animamos a todos os profesionais a que formen parte deste compromiso, para lograr que a Atención Primaria na nosa Comunidade Autónoma acade os niveis docentes que se merece.

A situación conxuntural na que nos atopamos de crise económica, onde a Atención Primaria, non é aínda o eixo do sistema, sitúanos nun camiño por percorrer que precisa do esforzo de todos, debemos fuxir dos protagonismos estériles, mirar cara adiante e tratar de que as novas xeracións demédicos de familia se sumen de forma activa a esta tarefa. Entre todos conseguiremoslo.

O meu agradecemento aos compañeiros médicos de familia que colaboran na docencia da actual materia, ao Departamento de Medicina pola confianza depositada en nós e ao actual Decanato da Facultade de Medicina, próximo a finalizar o seu mandato, polo seu apoio constante en defensa da incorporación da Atención Primaria na formación dos estudantes de medicina.